

LPUE v. 1.0
Preámbulo

A Licenza Pública da Unión Europea (a “LPUE”) que se remite adxunta elaborouse no marco do programa IDABC, un programa da Comunidade Europea, co obxectivo de promover a prestación interoperable de servizos paneuropeos de administración electrónica ás administracións públicas, empresas e cidadáns. O programa IDABC supón a continuación, e afonda no anterior programa IDA (“Intercambio de datos entre as Administracións”).

As aplicacións de software, tales como CIRCA, unha “groupware” ou soporte lóxico que ampara a actividade dun grupo para compartir os documentos dentro de grupos de usuarios pechados; IPM, unha ferramenta que axuda ás administracións a eliminar o espazo entre eles e as partes interesadas ao ofrecer unha ferramenta potente e aínda así moi doada de empregar para facer unha consulta directa a través de Internet; o eLink, unha ferramenta que comprende a identificación de servizos remotos e a subministración de servizos de mensaxes fiable e seguro sobre unha infraestrutura en rede, desenvolvéronse dentro do marco dos programas IDA ou IDABC. A Comunidade Europea, baseándose nos contratos que permiten o desenvolvemento de dito software, é a propietaria de todos os Dereitos de Propiedade Intelectual e en consecuencia dos códigos fonte e executables.

As devanditas ferramentas desenvolvidas polo IDA ou IDABC están sendo utilizadas polas administracións públicas de fóra das Institucións Europeas, de acordo coas condicións dunha licenza emitida pola Comisión Europea, que é a Institución que actúa en favor da Comunidade Europea debido a que os dereitos de propiedade intelectual destas ferramentas pertencen á Comunidade Europea. Durante algún tempo, incrementouse o interese pola publicación do código fonte de software de acordo coas condicións dunha licenza que non iría limitar o acceso e as modificacións do código fonte.

A LPUE orixinal estableceuse para dito software, de acordo cos obxectivos do programa IDABC. Esta licenza escribiuse en termos xerais e como consecuencia puido ser empregada para obras derivadas, para outras obras e por outros outorgantes da licenza.

A utilidade de dita licenza é reforzar a interoperabilidade xurídica ao adoptar un marco común para agrupar o software do sector público.
Este preámbulo non formaparte da licenza LPUE.

Licenza pública da Unión Europea v.1.0.

LPUE © A Unión Europea 2007

A presente Licenza Pública da Unión Europea (a “LPUE”) aplícase tanto ás obras como ao software (tal como vén definido máis adiante) que se achegan de acordo coas condicións de dita licenza. Calquera uso da obra diferente ao que vén autorizado baixo a devandita licenza está prohibido (na medida en que esta utilización está amparada pola persoa que posúe os dereitos de propiedade intelectual da obra).

A obra orixinal achégase de acordo coas condicións de dita licenza no momento en que o outorgante da licenza (tal como vén definido máis adiante) introduza a seguinte notificación inmediatamente despois da notificación dos dereitos de propiedade intelectual da obra orixinal:

Autorizada de acordo coa LPUEv. 1. 0

ou exprese por calquera outro medio a súa vontade para conceder a licenza de acordo coa LPUE.

1. Definicións

Na seguinte Licenza os seguintes termos significan o seguinte:

- A “licenza”: esta licenza.
- A “obra orixinal” ou o “software”: o software que o outorgante da licenza distribúe e/ou transmite, dispoñible como código fonte e tamén como código executable se é o caso.
- As “obras derivadas”: as obras ou software que puido crear a persoa autorizada, baseadas na “obra orixinal” ou as modificacións feitas a partir desta. Esta “licenza” non define o alcance da modificación ou dependencia da “obra orixinal” que se require para poder clasificar a obra como unha “obra derivada”. Este alcance vén determinado pola lei de propiedade intelectual que estea vixente no país mencionado no Artigo 15.
- A obra: a “obra orixinal” e/ou as súas “obras derivadas”.

- O “código fonte”: a forma da obra lexible para as persoas que é a máis adecuada para que a xente a estude e modifique.
- O “código executable”: calquera código que normalmente se recompilou e que se supón que o vai interpretar un ordenador como programa.
- O “outorgante da licenza”: a persoa física ou xurídica que distribúe e/ou transmite a obra de acordo coas condicións da licenza.
- O/-s cooperante: calquera persoa física ou xurídica que modifique a obra de acordo coas condicións da licenza ou que, á parte diso, contribúa á creación dunha “obra derivada”.
- “A persoa autorizada ou vostede”: calquera persoa física ou xurídica que fai uso do software de acordo coas condicións da licenza.
- “Distribución e/ou transmisión”: calquera acto de venda, cesión, préstamo, aluguer, distribución, comunicación, transmisión ou outro acto que permita facer copias da obra, en liña ou a través doutros medios, e poñelas a disposición de calquera outra persoa física ou xurídica.

2. Eido dos dereitos que outorga esta licenza

Pola presente licenza, o outorgante da licenza garántelle unha licenza que, durante a duración dos dereitos de propiedade intelectual que confire a obra orixinal, autoriza a realizar o seguinte:

- o uso da obra en calquera circunstancia e para calquera tipo de uso,
- a reprodución da obra,
- a modificación da obra orixinal e a realización de obras derivadas baseadas na obra,
- a transmisión ao público, incluído o dereito para poñer a disposición ou mostrar a obra ou as copias desta ao público e facer unha representación ao público, se é o caso, da obra,
- a distribución da obra ou copias desta,
- prestar e alugar a obra ou copias desta,
- subarrendar os dereitos da obra ou copias desta.

Os devanditos dereitos poden exercitarse por calquera medio de comunicación, soporte e formato, tanto dos coñecidos na actualidade ou os que se creen con posterioridade, sempre que a lei vixente o permita.

Nos países onde se apliquen os dereitos morais, o outorgante da licenza renuncia ao dereito de exercitar os dereitos morais nos termos permitidos por lei para facer efectiva a licenza dos dereitos económicos que se anotaron previamente.

O outorgante da licenza outorga á persoa autorizada unha licenza exenta de dereitos, uso de dereitos non exclusivos para ningunha patente da que dispón o outorgante da licenza, na medida en que sexa necesario utilizar os dereitos outorgados sobre a obra de acordo coas condicións da devandita licenza.

3. Transmisión do código fonte

O outorgante da licenza pode achegar a obra tanto en forma de código fonte como en código executable. Se a obra se achega como código executable, o outorgante da licenza proporcionará asemade unha copia lexible por máquina do código fonte da obra. Xunto con cada copia da obra, o outorgante da licenza distribuirá, ou mencionará, a través dunha notificación que colocará inmediatamente despois dos dereitos de propiedade intelectual adxuntos á obra, un depósito de datos onde se poida acceder de forma doada e libremente ao código fonte, durante o tempo no que o outorgante da licenza continúe a distribución e/ou transmisión da obra.

4. Limitacións nos dereitos de propiedade intelectual

Nesta licenza non hai nada que pretenda privar á persoa autorizada dos beneficios de calquera excepción ou limitación aos dereitos exclusivos dos propietarios dos dereitos da obra orixinal ou software, da extinción deses dereitos ou doutras limitacións de aplicación a isto.

5. Obrigas da persoa autorizada pola licenza

A concesión dos dereitos mencionados antes está suxeita a algunha restricións e obrigas impostas na licenza. Estas obrigas son as seguintes:

Dereito de recoñecemento: A persoa autorizada pola licenza debe manter intactas todas as notificacións de dereitos de propiedade intelectual, patente ou marcas comerciais e todas as notificacións que se refiren á licenza e á renuncia das garantías. A persoa autorizada pola licenza debe incluír unha copia de ditas notificacións e unha copia da persoa autorizada pola licenza con cada copia do traballo que el/ela distribúe e/ou transmite. A persoa autorizada pola licenza debe facer que calquera obra derivada leve notificacións destacadas nas que se declare que a obra se modificou e máis a data da modificación.

Cláusula *copyleft*: Se a persoa autorizada pola licenza distribúe e/ou transmite copias das obras orixinais ou obras derivadas baseadas na obra orixinal, esta distribución e/ou transmisión débese levar a cabo de acordo coas condicións da devandita licenza. A persoa autorizada pola licenza (no caso de que se volva outorgante da licenza) non pode ofrecer ou impor ningún termo ou condicións adicionais na obra orixinal ou obra derivada que alteren ou restrinxan as condicións da licenza.

Cláusula de compatibilidade: Se a persoa autorizada pola licenza distribúe e/ou transmite obras derivadas ou copias desta baseadas tanto na obra orixinal como noutra obra autorizada de acordo cunha licenza compatible, esta distribución e/ou transmisión pódese facer de acordo coas condicións da devandita licenza compatible. Polo que respecta a esta cláusula, a “licenza compatible” refírese a licenzas enumeradas no apéndice que se remite adxunto a esta licenza. No caso de que as obrigas da persoa autorizada pola licenza de acordo coas condicións da licenza compatible entren en conflito coas súas obrigas de acordo coas condicións da devandita licenza, prevalecerán as obrigas da licenza compatible.

Subministración do código fonte: Cando distribúa e/ou transmita copias da obra, a persoa autorizada pola licenza deberá proporcionar unha copia lexible por máquina do código fonte ou indicar un depósito de datos onde se pode acceder de forma doada e libremente ao código fonte durante o tempo no que o outorgante da licenza continúe a distribución e/ou transmisión da obra.

Protección xurídica: A devandita licenza non outorga un permiso para empregar nomes comerciais, marcas comerciais, marcas de servizo ou nomes do outorgante da licenza, excepto aqueles que se requiran para un uso razoable e habitual ao describir a procedencia da obra e ao reproducir o contido da notificación dos dereitos de propiedade intelectual.

6. Cadea de autoría

O outorgante da licenza orixinal garante que os dereitos de propiedade intelectual da obra orixinal outorgados a continuación sexan propiedade do autor/-a ou autorizados para o autor/-a e que o autor/-a teña a capacidade e potestade para conceder a licenza.

Cada colaborador garante que os dereitos de propiedade intelectual nas modificacións que el/ela achegue á obra sexan propiedade do autor/-a ou autorizados para o autor/-a e que o autor/-a teña a capacidade e potestade para conceder a licenza.

Cada vez que vostede, como persoa autorizada pola licenza, reciba a obra, o outorgante da licenza orixinal e posteriores colaboradores garántenlle a vostede unha licenza para os colaboradores da obra, de acordo coas condicións de dita licenza.

7. Ausencia de garantía

A obra é unha obra en curso, que varios colaboradores están continuamente a mellorar. Non é unha obra rematada e por tanto pode conter defectos ou “erros” que son consubstanciais as este tipo de desenvolvemento de software.

Debido ás razóns mencionadas antes, proporciónase a obra de acordo coas condicións da licenza tal cal (*on an “as-is” basis*) e sen ningún tipo de garantía que concirne á obra, incluídas sen limitación de aproveitamento, idoneidade para un propósito particular, ausencia de defectos ou erros, precisión, non vulneración dos dereitos da propiedade intelectual distintos aos dereitos de propiedade intelectual tal como se recollen no Artigo 6 da devandita licenza.

Esta renuncia de garantía é un parte esencial da licenza e unha condición para outorgar calquera dereito da obra.

8. Renuncia da responsabilidade

Excepto nos casos nos que se produza mala conduta premeditada ou danos causados directamente a persoas físicas, o outorgante da licenza non vai ser responsable en circunstancia ningunha de calquera tipo de danos directos ou indirectos, materiais ou morais que se deriven da licenza ou da utilización da obra, incluídos sen limitación ningunha, os danos pola perda de boa fe, folga laboral, fallo ou mal funcionamento informático, perda de datos ou calquera outro dano comercial, mesmo se ao outorgante da licenza se lle advertise da posibilidade de dito dano. Non obstante, o outorgante da licenza estará obrigado ao cumprimento das normas legais de responsabilidade sobre o produto sempre e cando as devanditas normas sexan de aplicación á obra.

9. Contratos adicionais

Mentres se distribúa a obra orixinal ou obras derivadas, vostede pode decidir cancelar un contrato adicional de ofrecer, cobrando as taxas correspondentes, unha aceptación de apoio, garantía, indemnización ou outras obrigas e/ou servizos que concorden con esta licenza. Non obstante, ao aceptar ditas obrigas, vostede pode actuar só no seu propio beneficio e baixo a súa única responsabilidade, non en beneficio do outorgante da licenza orixinal ou calquera outro colaborador, e só no caso de que vostede estea de acordo en indemnizar, defender e librar de responsabilidade a cada un dos colaboradores de

calquera responsabilidade na que incorrese ou reclamacións que se impuxesen contra o colaborador polo feito de que vostede aceptara calquera garantía ou responsabilidade adicional.

10. Aceptación da licenza

As disposicións desta licenza poden aceptarse premendo na icona “Estou de acordo” que está situada debaixo da parte inferior dunha ventá que amosa o texto de dita licenza ou manifestando un consentimento de calquera outro xeito, de acordo coas regras da lei vixente. Se vostede preme nesa icona vostede indica que acepta de xeito claro e irrevogable esta licenza e todos os seus termos e condicións.

De igual xeito, vostede acepta de forma irrevogable dita licenza e todos os termos e condicións desta ao exercer calquera dereito que se lle confire segundo o que dispón o Artigo 2 desta licenza, tal como a utilización da obra, a creación pola súa banda dunha obra derivada ou a distribución e/ou transmisión pola súa banda da obra e das copias feitas pertencentes a esta.

11. Información ao público

No caso de que vostede realice calquera distribución e/ou transmisión da obra por medio de comunicación electrónica (por exemplo, ofrecendo descargar a obra dende un lugar remoto) a canle de distribución ou medios (por exemplo, un sitio web) debe polo menos difundirse ao público a información solicitada pola lei de aplicación no que se refire á identificación e enderezo do outorgante da licenza, a licenza e o xeito como a persoa autorizada pola licenza accede a ela, conclúea, almacénala e reproducéala.

12. Rescisión da licenza

A licenza e os dereitos garantidos por esta rescindirán automaticamente se se produce algún incumprimento por parte da persoa autorizada pola licenza das condicións da licenza.

Dita rescisión non vai pór fin ás licenzas de calquera persoa que recibise a obra da persoa autorizada pola licenza de acordo coas condicións da licenza, sempre que ditas persoas manteñan o cumprimento de acordo co disposto na licenza.

13. Miscelánea

Sen prexuízo do disposto no Artigo 9 anterior, a licenza representa un acordo total entre as partes en relación á obra autorizada de acordo con esta licenza.

Se algunha disposición da licenza é nula ou inexecutable de acordo coa lei de aplicación, esta non afectará á validez ou esixibilidade da licenza en conxunto. Dita disposición será interpretada e/ou reformada tanto como sexa necesario para facela válida e executable.

A Comisión Europea pode poñer en vigor traducións e/ou vincular novas versións desta licenza, ata o momento que isto se requira e sexa razoable. As novas versión da licenza van ser publicadas cun número de versión única. A nova versión da licenza será vinculante para vostede no mesmo momento no que vostede reciba notificación da súa publicación.

14. Xurisdición

Calquera litixio que resulte da interpretación desta licenza, que se produza entre a Comisión Europea, como outorgante da licenza, e calquera persoa autorizada pola licenza, vai estar suxeito á xurisdición do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas (TJCE), tal como está establecido no Artigo 238 do Tratado que establece a Comunidade Europea.

Calquera litixio que resulte entre as partes, distinta da Comisión Europea, e que resulte da interpretación de dita licenza, estará suxeita á xurisdición exclusiva do xulgado competente no que o outorgante da licenza reside ou dirixe o seu principal negocio.

15. Lei de aplicación

Esta licenza debe rexerse pola lei do país da Unión Europea no que resida o outorgante da licenza ou onde teña a súa sé social.

Esta licenza debe rexerse pola lei belga se:

- se produce un litixio entre a Comisión Europea, como outorgante da licenza e calquera persoa autorizada pola licenza
- o outorgante da licenza, distinto á Comisión Europea, non ten residencia ou sé social dentro dun país da Unión Europea.

Apéndice

As “licenzas compatibles” conforme ao Artigo 5 LPUE son:

- *Licenza pública xeral (GPL) v. 2*
- *Licenza de software libre (OSL) v. 2.1, v. 3.0*
- *Licenza Pública Común v. 1.0*
- *Licenza Pública Eclipse v. 1.0*
- *Cecill v. 2.0*